

Compromiso de calidade

A Facultade de Filoloxía é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratégico), a Facultade de Filoloxía elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Facultade de Filoloxía quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A Facultade de Filoloxía dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e, co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición, sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, a Facultade de Filoloxía adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo os seguintes principios:

Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.

Integración, participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso, garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

Orientación ao alumnado: este centro garante no seu programa formativo a orientación ao/á estudante, entendendo que é o principal receptor/a deste.

Excelencia: o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais escolas e facultades recoñecidas.

Transparencia: esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

O Decanato da Facultade de Filoloxía adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o decano subscribe este documento de política de calidade.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Sinatura (electrónica) do decano do centro

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ELIAS JOSE FEIJO TORRES, DECANO A DA FACULTADE DE FILOLOXIA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/04/2022 14:49:24.

CSV: 319C-DA27-4BA9-9B34